

REGULAMENTO

VI RUTA BTT OS DO MONTE BRAVO 2019 (RUTA NON COMPETITIVA E NON FEDERADA)

1.-O Clube Ciclista Os Do Monte Bravo , organiza VI RUTA BTT 2.0 OS DO MONTE BRAVO 2019 , polos montes de TEO e arredores o domingo 20 de Xaneiro de 2019.

O percorrido da RUTA BTT constará de 40 km de dificultade técnica e física media. Contará cun punto de corte situado no km 20 aproximado, e polo tanto, todos aqueles participantes que non pasen antes das 12:00h ,serán desviados en dirección ao pabellón de calo, debido a que tanto protección civil como policía local teñen uns horarios fixados de colaboración. A proba é de carácter non competitiva e non federada pero existirá un control de tempos para cada participante. A saída terá lugar ás 9:30 horas do Polideportivo Municipal de Calo.

2.-Poderán participar na ruta btt, tódalas persoas que realizaran axeitadamente o proceso de inscrición. A inscrición ten un custe de **10€** (tanto para federados como non federados. A Proba está limitada a 400 participantes.

3.-O prazo de inscrición finalizará o Domingo 13 de Xeneiro ás 23:59 horas.

A inscrición dará dereito a participación na proba, e incluírá os avituallamentos (bebida, froita, bollería...), dorsal personalizado da proba,, servizo de lavado de bicicletas, duchas, servizo de ambulancia, seguro R.C. e de accidentes e un pincho ao rematala proba.

Só serán considerados participantes, aqueles que realizaran a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento.

O devandito dorsal será facilitado pola organización. Os menores de idade deberán traer una declaración xurada firmada por parte do pai, nai ou titor que poderán descargar dende a páxina web de Galitiming.

4.-A concentración e entrega de dorsais terá lugar a partir das 8:00 horas, do domingo 21 de Xaneiro de 2018 no Podideportivo de Calo. A saída efectuarase ás 9:30 horas. A recollida de dorsais farase de xeito individual , podendo esixir por parte da organización identificación persoal.

5.-O emprego do casco é obrigatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta. A organización non se fai responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha , nen danos sufridos no seus enseres persoais.

6.-O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do Concello de Teo, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.

7.-Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar o lixo en todo o percorrido a excepción dos contedores situados no puntos de avituallamento e de inicio e final de ruta.

8.-En todo momento respectaranse e acataranse as ordes e directrices da organización, non sobrepasando en ningún momento o vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de descalificación inmediata.

9.-A Organización contará con servizo de ambulancia a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes (limitado), non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT.

10.-A Organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.

11.-O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.

12.- Unha vez realizado o proceso de inscrición non se reintegrará baixo ningún concepto a cota de inscrición

13.- Non existirá valizaxe na proba , so estarán sinalizados os cruzamentos mais perigosos.